

## **BAREMO SELECCIÓN PROFESORADO ERASMUS +**

### **Criterios de selección e valoración dos candidatos**

O profesorado inscrito será avaliado dacordo ós puntos amosados a continuación.  
Son:

- a) Anos de servizo como funcionario de carreira (30 puntos máximo).
- b) Anos de antigüidade no CIFP Someso (30 puntos máximo).
- c) Coñecemento acreditado de linguas estranxeiras relacionadas coa mobilidade e país de destino (10 puntos máximo).
- d) Coñecementos acreditados no manexo das TIC (10 puntos máximo).
- e) Experiencia en proxectos europeos (10 puntos máximo).

O baremo empregado para determinar a puntuación dos candidatos correspóndese co amosado no anexo XVI da orde do 24 de outubro de 2017 do concurso de traslados.

No caso do apartado c as linguas estranxeiras que non se correspondan coa usada no país de destino ou, no seu defecto, a lingua de traballo da mobilidade, minoraranse nun 50% respecto a puntuación amosada no anexo.

No caso do apartado d seguirase o amosado nos apartados 5.1 e 5.2 cun máximo de 7 e 3 puntos respectivamente.

No caso do apartado e seguirase o sumarase 1 punto por cada proxecto de mobilidade ou colaboración, segundo corresponda, no que teña participado o solicitante. Asimesmo, aqueles solicitantes que dentro das súas funcións docentes ocupasen o cargo de responsable de dinamización de proxectos internacionais sumararán 1 punto por cada ano de experiencia como tal.

Por último, co fin de dar oportunidade a tódolos membros do claustro a participar nestes proxectos de mobilidade plantéxase un periodo de carencia de 3 anos a todo aquel que teña participado nun proxecto semellante (KA102 ou KA103).